



CULLEREDO
CONCELLO

Rúa do Concello, 12
15189 Culleredo
www.culleredo.es

DLO -002

Declaración responsable para
instalación de estrutura non
permanente desmontable para
celebración espectáculo público
ou actividade recreativa

SOLICITANTE E REPRESENTANTE

Persoa física: Nome Primeiro apelido Segundo apelido DNI NIE Pasaporte

Persoa xurídica: Nome ou razón social Sigla ou Nome CIF

Datos do representante (se procede nese caso achegarase o correspondente documento de outorgamento do poder de representación)

Persoa física: Nome Primeiro apelido Segundo apelido DNI NIE Pasaporte

Dirección a efectos de notificacións (do solicitante ou do representante se procede)

Tipo de vía Nome da vía

Número Quilómetro Letra Bloque/Portal Escaleira Piso Porta Cód. postal

Poboación Municipio Provincia ou País

Outros medios de contacto (do solicitante ou do representante se procede)

Teléfono fixo Teléfono móbil Dirección de correo electrónico Fax

Conforme ao establecido na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas* e demais lexislación vixente, **AUTORIZO** ao Concello de Culleredo, en relación coa presente solicitude, a que me envíe (marcar o que proceda)

- Comunicacions mediante mensaxes ao teléfono móbil especificado como medio de contacto.
 Comunicacions mediante mensaxes á dirección de correo electrónico especificada como medio de contacto.
 Notificacións a miña caixa de correos electrónica, accesible na sede electrónica www.culleredo.es, previa identificación co certificado dixital.

DECLARACIÓN DO TIPO DE INSTALACIÓN DESMONTABLE NON PERMANENTE DO QUE É PROPIETARIO E QUE VAI INSTALAR

Nome do espectáculo público ou actividade recreativa Data e lugar da celebración do espectáculo ou actividade recreativa

Declaración das instalacións desmontables non permanentes que se van instalar no espectáculo ou actividade recreativa

Escenarios Atraccións de feira ou inchables Postos de venda(artesanía, roupa...) Outra instalación que requira montaxe
Carpas Postos de alimentación Fogos de artifício

Nome da atracción 1

Nome da atracción 3

Nome da atracción 2

Nome da atracción 4

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE, que cumpre todos os requisitos establecidos na normativa vixente para o exercicio da actividade, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición da Administración cando lle sexa requerida e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente ao dito exercicio, e APORTA a documentación que figura a continuación:

- 1.- Proxecto e documentación técnica que resulte esixible segundo a natureza da actividade (Enténdese por proxecto o conxunto de documentos que definen as actuacións a desenvolver, co contido e detalle que permita á Administración coñecer o seu obxecto e determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial de aplicación, e virán redatados e asinados por persoa técnica competente).
- 2.- Póliza de seguro de responsabilidade civil obrigatorio, previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e o recibo de pago das primas correspondentes ao período do seguro en curso ou copia dos mesmos (Disp. Trans. 3ª da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia).
- 3.- Documento acreditativo da dispoñibilidade do establecemento ou espazo aberto ao público en calidade de propietarios/as ou arrendatarios/as ou en virtude de calquera outro título xurídico.
- 4.- Documento acreditativo asinado pola persoa interesada da designación da persoa física ou xurídica que ha de asumir a responsabilidade técnica da execución do proxecto e que debe expedir a certificación que acredite a adecuación do espectáculo público ou actividade recreativa aos requisitos esixibles.
- 5.- Documento acreditativo da designación, por quen presente a declaración, da persoa física ou xurídica que debe asumir a responsabilidade técnica da montaxe da instalación.
- 6.- A marcación CE e a declaración CE de conformidade das instalacións que correspondan segundo as súas características.
- 7.- O certificado da instalación de baixa tensión de conexión coa rede.
- 8.- No caso das actuacións musicais, a factura de pago da propiedade intelectual (SGAE).
- 9.- No caso de fogos de artifício, a comunicación á Delegación ou Subdelegación do Goberno se así o require a normativa e a comunicación a AENA do lanzamento dos mesmos.
- 10.- No caso de postos de alimentación, manipulador de alimentos e reciclaxe de aceites.

DOCUMENTACIÓN APORTADA XA NO EVENTO OU ESPECTÁCULO PÚBLICO

DATOS DA SINATURA

Declaro que todos os datos facilitados son certos, polo que solicito que se admita a trámite esta instancia.

Culleredo, de de O/A solicitante ou representante legal

Asdo.:

INFORMACIÓN RELATIVA Á PRESENTACIÓN DA DECLARACIÓN RESPONSABLE

- 1.- A declaración responsable deberáselle presentar con carácter previo á organización do espectáculo público ou ao inicio da actividade recreativa.
- 2.- Coa declaración responsable deberáselle aportar a documentación que figura no apartado anterior, agás que estea xa en poder ou fose elaborada por calquera administración, suposto en que se observará o indicado no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- 3.- O Concello poderá solicitar calquera outra documentación que veña exixible pola normativa aplicable.
- 4.- O custo dos informes, das certificacións e das actas de verificación ou control de funcionamento e de revisión será por conta das persoas solicitantes.
- 5.- A declaración responsable presentada cumprindo os requisitos habilita para o exercicio da actividade, o desenvolvemento do espectáculo ou apertura do establecemento desde a súa presentación, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección atribuídas á Administración nos termos previstos nos artigos 28 e 29 da *Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos e actividades recreativas de Galicia*.
- 6.- A inexactitude, a falsidade ou a omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore á declaración responsable, así como a non presentación da declaración responsable ou da documentación requerida para acreditar o cumprimento do declarado, determinarán a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das posibles responsabilidades penais, civís ou administrativas.
- 7.- A persoa titular do establecemento ou organizadora do espectáculo público ou da actividade recreativa deberá comunicar á Administración competente as modificacións non substanciais, no prazo de quince días desde que teña lugar. No obstante, no caso de cambio de titularidade, a comunicación, xunto coa documentación acreditativa do cambio da dispoñibilidade do seguro de responsabilidade civil, deberase efectuar con anterioridade ao desenvolvemento da actividade pola/o nava/o titular.
- 8.- Será necesaria a presentación de declaración responsable nos termos previstos neste precepto no caso de modificación substancial. En todo caso, terán a consideración de modificacións substanciais a modificación da clase de actividade recreativa ou espectáculo público, o cambio de lugar ou calquera cambio que implique unha variación que afecte á seguridade, salubridade ou perigosidade do establecemento aberto ao público se así é declarado no informe técnico correspondente.

OBJECTO

A través deste procedemento poderase tramitar a Declaración responsable para a instalación de estruturas desmontables non permanentes dentro da celebración da festa ou verbena popular

INSTRUCCIÓNS DE CUMPRIMENTACIÓN

- Cumprimento os datos da persoa física ou xurídica que formula a solicitude e do seu representante se procede, achegando en tal caso o correspondente documento de representación.
- Cumprimento igualmente a dirección completa, para efectos de notificacións, do solicitante ou do seu representante, así como outros medios de contacto tales como un teléfono fixo, teléfono móbil, dirección de correo electrónico e fax, no caso de que desexe ser contactado por algún destes medios. Indique expresamente se autoriza ao Concello de Culleredo a que lle envíe mensaxes SMS e/ou correos electrónicos á dirección especificada así como notificacións fidedignas á súa caixa de correos web para o que necesitará un certificado dixital recoñecido (DNI electrónico, CERES etc.). Pode obter máis información sobre certificados dixitais, administración electrónica, así como da súa caixa de correos web persoal para a práctica de notificacións telemáticas fidedignas en www.culleredo.es.
- A solicitude debe ser asinada polo interesado solicitante ou o seu representante, se procede.
- Á solicitude deberáselle acompañar da documentación requerida segundo o tipo de instalación que sexa.

AVISO LEGAL

De acordo co Regulamento (EU) 2016/679, o Concello de Culleredo informa que tratará os datos coa máxima confidencialidade, coa exclusiva finalidade de xestionar o procedemento administrativo de referencia, sendo a base de lexitimación o cumprimento dunha misión realizada en interese público. O abaixo asinante declara que todos os datos contidos nesta solicitude e os documentos que se unen son certos. Os datos serán tratados de acordo ao establecido en Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como na normativa que puidese aplicarse para a súa tramitación, realizándose aquelas cesións contempladas por lei ou aquelas consideradas como necesarias para os efectos oportunos.

Quedan recoñecidos os dereitos de acceso, rectificación, supresión e limitación do tratamento, así como o de portabilidade, que poderán ser exercidos, achegando en todo caso unha copia de documento acreditativo da súa identidade e concretando o dereito ou dereitos que desexe exercer, mediante unha comunicación dirixida ao Comité de Privacidade de Concello de Culleredo por algunha das dúas seguintes vías: (i) Mediante correo electrónico á dirección rgpd@culleredo.es ; ou (ii) por carta a Rúa do Concello, 12 – 15189 - Culleredo.